



Estimadas familias:

Ante o novo curso académico 2020-2021 que se presenta con moitas novidades para a nosa comunidade educativa, aquí estamos dispostos a dar o mellor de nós para afrontar os retos vencellados á situación actual.

Mediante esta comunicación queremos facervos chegar normas importantes en relación ás medidas a tomar fronte a pandemia de Covid-19, que atanguen á organización e funcionamento do centro escolar.

Entre todas as novas a ter en conta destacamos as seguintes:

- **Requírese a presenza das familias para que vos acheguedes polo centro durante o mes de setembro co fin de asinar a DECLARACIÓN RESPONSABLE na que vos comprometedes a realizar diariamente aos vosos fillas e fillas menores de idade, a Enquisa de Autoavaliación Clínica Covid.**

Outros documentos que se poden firmar nese momento son:

- A autorización para uso de imaxes polo centro educativo.
- O permiso para saír do centro nos recreos e a últimas horas da mañá e ou tarde se falta o docente de esa sesión lectiva, no caso do alumnado entre 16 e 18 anos dos cursos de bacharelato, ciclos formativos e formación profesional básica.
- A documentación pertinente para recoller o vale de material escolar aquelas familias do alumnado de ESO que teñan dereito a recibilo.

Para evitar coincidir coas entradas, saídas e recreos do alumnado, estas xestións realizaranse na conserxería no seguinte **horario**:

MAÑÁS (De luns a venres):

- 9:00- 10:00 horas.
- 11:00-12:00 horas
- 13:00-14:00 horas

TARDES (martes e xoves):

- 19:00-20:00

- No que respecta as **máscaras e estoxos** as instrucións sinalan que o alumnado acudirá ao centro con dúas máscaras, unha delas de reposto debidamente gardada nun estoxo individual.
- Recoméndase traer todo o material escolar debidamente rotulado co nome e apelidos do alumno/a.
- Se fora necesario dotar de material informático ao alumno/a, no caso de detectar algunha carencia para seguir a formación telemática, solicitarase esa información a través das titorías.
- **Titorías e información a familias:** Nas instrucións recoméndase expresamente que as titorías se fagan **por teléfono**. Os pais, nais ou titores/as solicitarán cita previa chamando

ao centro, e os docentes devolverán a chamada na hora de cita concertada , xa que o acceso ao centro nesta conxuntura está restrinxido.

- O contacto coas familias manterase a través da páxina web, abalar móbil, correo electrónico ou teléfono.
- De xeito **moi excepcional** as familias poderán solicitar unha cita presencial co titor/ titora, membros do equipo directivo ou a orientadora.

Co propósito de dar unha resposta axeitada ás necesidades concretas de cada alumno/a, recordamos que é obriga das familias poñer en coñecemento da dirección ou o departamento de orientación calquera situación persoal de convivencia ou circunstancia especial de saúde, que poida interferir no seu rendemento académico.

Tamén queremos anticipar a posibilidade de que no primeiro trimestre se desenvolvan as obras de remodelación do centro aprobadas pola Consellería que poden afectar á organización das aulas.

Para concluír, queremos manifestar o noso pesar por non poder celebrar a reunión de acollida que organizábamos cada ano nestas datas e agardamos con ilusión poder concertar encontros presenciais con vos en canto a situación sanitaria o permita.

Cos mellores desexos de cara ao curso que agora comeza, contando co respaldo e a fortaleza de todas as persoas que traballan no instituto, quedamos á vosa disposición para calquera consulta e enviámosvos un afectuoso saúdo.

O EQUIPO DIRECTIVO